

Venres, 22 de outubro de 2021

Núm. 204

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MONDARIZ-BALNEARIO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO

SUMARIO

Resolución de Alcaldía de data 15 de outubro de 2021 do Concello de Mondariz Balneario pola que se aproba definitivamente expediente de aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais do Concello de Mondariz Balneario.

TEXTO

Logo de aprobar definitivamente o expediente de aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais do Concello de Mondariz Balneario publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 7T1YA5VA5EEYBUB

